

Actores

ROSA HURTADO e SANTIAGO MONTENEGRO

Producción

BELÉN CANABAL

Fotografía

LUIS LAGO

Unidade didáctica

BLANCA VIÑAS

Iluminación

LUIS LAGO e S. MONTENEGRO

Interpretación musical

JULIO ÁLVAREZ (Saxofóns)

Composición musical

RAMÓN SOUTO

Escenografía, bonecos, máscaras e vestuario

SUSO MONTERO, R. HURTADO, S. MONTENEGRO

Dirección

MANUEL POMBAL

Texto, dramaturxia e produción executiva

ROSA HURTADO e SANTIAGO MONTENEGRO

www.artello.com



DISTRIBUIDO POR:

eme2
emoción&arte

Emedous Produción e Distribución
Mercedes Glez. Castro
Telf.: 981 534 134
Fax: 981 534 285
emedous@emedous.com

PRODUCIDO POR:

TEATRO
alla scala 1:5 S.L.

artello@artello.com

COA COLABORACIÓN DE:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

ARTELLO


diseño Suso Montero 08

POLGARINO & CIA

Na pequena cabana do bosque onde vive unha familia de leñadores avécíñanse dificultades: unha enfermidade impede ao pai ir traballar.

Os pais queren manter aos seus cinco fillos alleos a esta situación. Mais Polgariño, o máis pequeno, é observador, e advirte as desgrazas que ameazan aos seus.

Malia ser cativo en tamaño, Polgariño non o é de vontade. Por iso é quen de convencer aos seus irmáns de que, indo todos xuntos e empregando a intelixencia, poderán axudar aos seus pais, aínda que para iso teñan que adentrarse sós no bosque e facerelle frente aos perigos que entraña.



A POSTA EN ESCENA

Unha actriz e un actor traballan en tres rexistros distintos, segundo o rol que asumen en cada caso:

- Como narradores, conservando o compoñente de oralidade do conto orixinal, introducen e conducen a historia.
- Como manipuladores, pois Polgariño e seus irmáns son títeres que constitúen unha imaxe coral, baseada nos dedos dunha man.
- Como actores interpretan os personaxes da Ogresca e do Ogro utilizando máscaras.

Estes distintos rexistros non se xustapoñen ao longo do espectáculo, senón que interactúan rítmicamente entre eles dun xeito constante en distintas combinacións.

O espazo escénico transfórmase durante a representación para crear os múltiples lugares nos que se desenvolve a acción. Xogando cos panos da escenografía e cos cambios de cor da luz, vanse xerando ocós, compoñendo formas ou descubrindo unha peculiar escena de sombras.

A música e os efectos de son foron compostos expresamente para o espectáculo. Para isto explorouse nas posibilidades sonoras do saxofón en interacción coa interpretación, na procura da máxima expresividade.



FICHA TÉCNICA

Duración: 50 minutos

Recomendado a partir de 4 anos

Espazo interior con escuridade

Medidas do escenario:

- Boca: 7 m.
- Fondo: 5 m.
- Altura: 3 m.

Toma de corrente:
3.300 w / 220 V

Montaxe: 5 horas

Desmontaxe: 2 horas